



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A REAL ACADEMIA GALEGA POLO QUE SE INSTRUMENTAN AS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS PARA ACCIÓNS CULTURAIS E DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA E PARA INVESTIMENTOS E SE REGULA O SEU RÉXIME DE LIBRAMENTOS CON CARGO AOS ORZAMENTOS DE 2021

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

REÚNENSE:

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do 7/9/2020) e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1/12/2020).

Don Víctor Fernández Freixanes, co NIF ***3936**, presidente da Real Academia Galega que actúa no seu nome e representación, de acordo co seu nomeamento que se acordou na Xunta extraordinaria do 28 de marzo de 2017 e de acordo coas atribucións que lle confire o artigo 25 dos estatutos desta institución.

Ambas as dúas partes, na representación que teñen e recoñecéndose plena capacidade para obrigarse e convir

EXPOÑEN:

1 Que nos capítulos IV e VII do estado de gastos do orzamento da comunidade autónoma para o ano 2021 figuran dúas subvencións nominativas a favor da Real Academia Galega (en adiante RAG) por un importe total de cincocentos cincuenta e oito mil cincocentos euros



(558 500,00 €), con cargo ás partidas orzamentarias 10.50.151A.481.1 para accións culturais e de investigación lingüística e 10.50.151A.781.0 para investimentos.

2 Que de acordo co artigo 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (en adiante Lei 9/2007) os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente na Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) A definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) O réxime xurídico aplicable.

c) Os beneficiarios e as modalidades de axuda.

d) O réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.

3 Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, consonte ao Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, do 1/12/2020).

4 Que o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, adscribe a RAG á Consellería de Cultura, Educación e Universidade (consellería con competencias en materia de Cultura).

5 Segundo o Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os seus estatutos, a RAG é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego. O seu artigo 2 estipula que as súas finalidades son as seguintes:



- Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Parlamento de Galicia, nomeadamente:
- Elaborar a norma gramatical, ortográfica e fónica, o inventario do léxico e a proposta dun dicionario de uso e a modernización e actualización do léxico.
- Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- Velar polos dereitos do idioma galego.
- Defender e promover o idioma galego.
- Asesorar os poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

A RAG levará a cabo, coa periodicidade que se estableza, sesións de traballo destinadas ao cumprimento destas finalidades.

6 A disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística establece que nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega se estimará como criterio de autoridade o que establece a RAG.

En consecuencia, a RAG ten a obriga de levar a cabo un traballo continuado de actualización e modernización da lingua galega co fin de satisfacer as novas necesidades expresivas que se derivan da vida moderna e ofrecer directrices para o uso correcto do idioma galego.

7 Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante a consellería) e a RAG desexan colaborar para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto nas seguintes normas:

- a) A Constitución española establece no artigo 3 que “as outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos”,



además de reconocer que las lenguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser objeto de respeto e protección.

- b) En consonancia coa Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 5 dispón que “a lingua propia de Galicia é o galego” e que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa”.
- c) A Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística establece a obriga dos poderes públicos de Galicia de garantir o uso normal do galego e do castelán como linguas oficiais da Comunidade Autónoma galega. Así mesmo, establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.

8 Que de acordo co artigo 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública, xa que no estado de gastos dos orzamentos para 2021 aparecen dúas dotacións nominativas en favor da RAG.

Por todo o exposto, formalízase o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Este convenio ten por obxecto instrumentar o réxime de libramentos da subvención nominativa que figura nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 en favor da RAG, conforme ao establecido no estado de gastos da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

SEGUNDA.- FINALIDADE

A finalidade desta subvención nominativa á RAG é o financiamento de parte dos seus gastos correntes de funcionamento, así como a realización de investimentos e outros gastos de capital que lle orixine a realización dos proxectos e traballos que, dentro da súa programación anual, leve a cabo en materia de normalización do idioma galego de acordo co que establecen os seus estatutos.



TERCEIRA.- ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER

A RAG comprométese a destinar as achegas económicas recibidas a través deste convenio a sufragar os gastos correntes e de investimento que se orixinen durante o ano 2021 como consecuencia das seguintes actuacións, encarreiradas a través das distintas seccións, seminarios e grupos de traballo nos que se organizan os labores da RAG:

Arquivo

Realizará neste 2021 traballos de: descrición e catalogación de fondos; atención de consultas; actualización dos sistemas de xestión arquivística; corrección dos fondos e revisión da documentación do módulo descritivo da aplicación *DigiArch* para o proxecto ARPAD; descrición a nivel documento da serie Correspondencia do fondo Manuel Murguía; identificación e catalogación de inéditos da colección facticia Manuscritos e orixinais; participación no Día Internacional dos Arquivos e no Día Internacional do Patrimonio; dixitalización e colocación de marca de auga de imaxes para a subir ao portal *Galiciana*; atención presencial e non presencial de persoas usuarias externas e internas; asesoramento profesional a diferentes servizos doutras institucións; mantemento e actualización das bases de datos do persoal académico e do Día das Letras Galegas etc.

Biblioteca/Hemeroteca

Esta área de traballo, durante o ano 2021, levará a cabo: traballos de recepción, rexistro e instalación de fondos bibliográficos e hemerográficos; selección e compra de fondos; seguimento de troco de publicacións; actualización do catálogo de monografías e publicacións periódicas; dixitalización de fondos; atención interna e externa de consultas e pedimentos de reprodución; xestión dalgunhas mostras bibliográficas na sala de lectura da Biblioteca como son a conmemorativa do Día das letras Galegas —cunha mostra de primeiras edicións de obras de Xela Arias—, do Día do Libro e do Día das Bibliotecas, cunha selección de fondos bibliográficos e hemerográficos. Tamén se colaborará na exposición Emilia Pardo Bazán: El reto de la modernidad, organizada pola Biblioteca Nacional, que terá lugar en Madrid en 2021.



Colección

Esta área de traballo, durante o ano 2021, levará a cabo traballos de coordinación de pedimentos de fondos do patrimonio da RAG con destino a préstamos temporais e exposicións ou depósitos. A previsión é a colaboración con dúas exposicións conmemorativas do centenario do falecemento de Emilia Pardo Bazán que terán lugar en Santiago de Compostela (Ateneo Compostelán) e en Madrid (Biblioteca Nacional) con datas pendentes de determinar por mor da situación sanitaria.

Tamén se traballará na achega de fondos para a exposición sobre Lolita Díaz Baliño, organizada pola Fundación Luís Seoane, ao tempo que se segue o percorrido itinerante da exposición Galicia, de Nós a nós, que no mes de xaneiro se traslada da Cidade da Cultura ao Centro Marcos Valcárcel en Ourense. Neste último lugar, debido ao menor espazo, a configuración da exposición mudará e retornarán algunhas pezas á RAG. Esta exposición finalizará o seu periplo no Museo de Pontevedra, con datas pendentes de concretar.

Tamén se xestionará o depósito dunha medalla académica histórica para a exposición permanente da Casa Museo de Ramón Cabanillas en Cambados, que está a piques abrir as súas portas despois dunha exhaustiva musealización.

Outros labores que se van desenvolver son: xestión, rexistro e catalogación de novas achegas ao patrimonio da RAG, traballos de reprografía dixital, de conservación da Colección, de expurgo dos fondos do almacén da RAG para aumentar o espazo e acoller novas achegas, elaboración de contidos para o Museo Virtual da Academia, para a páxina web institucional e para as redes sociais.

Publicacións

Esta área de traballo, durante o ano 2021, xestionará, entre outras, as seguintes publicacións:

- Publicacións periódicas: *Boletín da Real Academia Galega*, número 381, dedicado a Ricardo Carballo Calero, *Cadernos de Lingua*, número 38 e *Anexos BRAG*, número 4.
- Monografías: discurso de ingreso de María Rosa Lojo e posiblemente algún discurso de ingreso na RAG.



- Toponimia: Toponimia de Tordoia, Toponimia de Pontenova, Os nomes en galego. Orientacións para a súa normalización.
- Literatura: *Poemas á fala. Antoloxías da Academia* 1, Inventario de biblioteca de Emilia Pardo Bazán, Día Internacional da Poesía. Homenaxe da RAG a Bernardino Graña.
- Sociolingüística: Lingua e sociedade.
- Casa-Museo Emilia Pardo Bazán: edicións dixitais de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, números 13 e 14, unidades didácticas etc.
- Outros traballos: xestión de membresía Crossref, DOI's e avaliación de revistas científicas.

Sección de Lingua. Seminarios de Lexicografía, Terminoloxía

- O persoal laboral da Coruña ocuparase fundamentalmente do asesoramento lingüístico interno e externo, traducións, correccións e revisións lingüísticas de textos e publicacións.
- O persoal laboral de Santiago de Compostela, durante o ano 2021, levará a cabo, fundamentalmente, os seguintes traballos:
 - Lexicografía:
 - Continuarase coa actualización e renovación do *Dicionario da RAG*, procedendo á revisión sistemática por orde alfabética das entradas do dicionario, e estudando as propostas dos académicos (especialmente dos membros do Seminario de Lexicografía, pero tamén do Seminario de Terminoloxía), da sociedade en xeral a través de calquera procedemento (suxestións desde a páxina do *DRAG*, redes sociais, correo electrónico etc.).
 - Elaboración dos informes solicitados por entidades públicas e privadas sobre cuestións relacionadas co léxico galego.
 - O Seminario de Lexicografía prevé reunirse un vez cada mes.



– Continuarase o labor de revisión e actualización do *Dicionario bilingüe castelán-galego*, tratando de buscar o maior nivel posible de coordinación coas solucións adoptadas no *DRAG*.

– Implementación de melloras no xestor de buscas e de visualización do *DRAG*, incrementando o número de variables susceptibles de busca.

– O Portal das Palabras continuará coa publicación de contidos lexicográficos inéditos polo menos un cada semana, e coa elaboración de recursos que poidan ser de utilidade para o seu aproveitamento escolar. Elaboraranse materiais centrados nas principais efemérides que se celebran ao longo do ano, particularmente unha ampla serie ao redor da figura á que se lle dedica o Día das Letras Galega, Xela Arias.

– Publicarase un novo número da revista *Cadernos de Lingua*.

- Terminoloxía:

– No ámbito da terminoloxía sistemática, continuarase co estudo e revisión da terminoloxía referida ao mundo da ornitoloxía e coa elaboración dun dicionario do libro.

– En canto á terminoloxía puntual, estudaranse e validaranse de maneira continuada os termos que se incorporan á base de datos de consultas efectuadas a Termigal, procedentes especialmente das administracións, das universidades, do profesorado de ensino medio e dos tradutores.

– O Seminario de Terminoloxía reunirase de maneira regular unha vez ao mes.

– Organizarase a III Xornada de estudo e normalización do léxico de especialidade galego: a ornitoloxía, na que participarán os principais estudosos de ornitoloxía de Galicia, e na que se tratará de rematar o traballo iniciado e continuado nas súas xornadas anteriores, para propoñerlle á Real Academia Galega unha terminoloxía unificada dos nomes galegos das aves para utilizar na comunicación especializada.

Sección de Lingua. Seminario de Sociolingüística

- Durante o ano 2021, esta área de traballo traballará, fundamentalmente, nos seguintes proxectos sociolingüísticos:



- Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2017.
- Mapa sociolingüístico escolar: unha achega aos discursos sociais dos educadores e educadoras.
- Avaliación das competencias lingüísticas. Evolución das competencias bilingües na mocidade durante esta última década.
- Prácticas lingüísticas na infancia. Avaliación da efectividade das políticas lingüísticas de distintos centros de infantil e primaria do periurbano galego.
- Repositorio de Sociolingüística.
- Galex. Base de datos de decisión léxica a través dunha recollida masiva de datos a través da rede.

Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Esta área, durante o ano 2021 centrará os seus traballos de maneira especial na conmemoración do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán mediante a organización de diversas actividades presenciais ou virtuais segundo o permitan as condicións sanitarias. Tamén se encargará da atención a visitas presenciais e virtuais adaptadas aos diferentes públicos, elaboración de visitas especializadas a través de unidades didácticas, deseño técnico e implementación na rede, atención ás redes sociais coa elaboración de recursos propios, creación de contidos para web, celebración das efemérides do Día Internacional da Muller, Día do Libro, aniversario do nacemento de Emilia Pardo Bazán e Día contra a Violencia de Xénero etc.

Outras áreas

Dentro da xestión habitual da institución supoñen áreas de traballo non científicas, pero esenciais para o seu bo funcionamento, os labores transversais que desenvolven os seguintes departamentos: comunicación, informática, contabilidade, secretaría da dirección e conserxería e limpeza.



CUARTA.- TRAMITACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión desta subvención nominativa iniciouse de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se lle imputa a subvención logo de que a RAG comunicara o programa de actuacións para 2021 que figura na cláusula anterior.

O convenio terá o carácter de bases reguladoras para os efectos do disposto na Lei de subvencións de Galicia e a normativa concordante.

QUINTA.- OBRIGAS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A RAG comprométese a:

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.
- Adaptar todos os medios técnicos necesarios das súas áreas de traballo para continuar realizando con normalidade e eficiencia as actividades dos diferentes departamentos de xeito telemático, no caso en que por restricións derivadas da actual ou outra emerxencia sanitaria, fose preciso.
- Executar as actividades obxecto de subvención no prazo de vixencia deste convenio.
- Solicitalle á consellería os informes e autorizacións que sexan preceptivos das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- A RAG consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico, divulgativo e publicacións que se fagan relacionados coas actividades obxecto desta subvención farase constar, nun lugar destacado, o anagrama da imaxe corporativa da Xunta de Galicia como entidade financiadora.

A entidade beneficiaria deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo



artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

SEXTA.- FINANCIAMENTO E RÉXIME DE COMPATIBILIDADES

A consellería contribuirá a financiar os gastos correntes e de investimento e outros de capital cun importe total de 558 500,00 €, con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2021 coas seguintes contías por aplicación orzamentaria:

- Capítulo IV “Transferencias correntes”

Aplicación orzamentaria 10.50.151A.481.1

- Para accións culturais de investigación lingüística por importe de **500 000,00 €**

- Capítulo VII “Transferencias de capital”

Aplicación orzamentaria 10.50.151A.781.0

- Para investimentos por importe de **58 500,00 €**

A medida que se xustifiquen os gastos das actividades obxecto desta subvención, poderán levarse a cabo ata un máximo de seis pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva polo importe dos gastos xustificados. A data límite de presentación da documentación xustificativa para tramitar o último pagamento será o 15 de decembro de 2021.

Esta axuda será compatible coa percepción doutras axudas para as mesmas actividades sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o 100 % do custo das actividades que vai desenvolver a beneficiaria.

SÉTIMA.- FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento realizarase mediante libramentos parciais, a petición da RAG e logo de que presente as correspondentes certificacións de gastos correntes e de capital nas que se acrediten os gastos executados con cargo aos seus respectivos orzamentos.

O pagamento efectuarase pola parte proporcional da contía da subvención que efectivamente se xustifique.



Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención que se concedeu.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

Documentación xustificativa:

1. De conformidade co establecido nos artigos 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a documentación xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadán>.

Mentres non haxa un procedemento transversal específico para convenios, a devandita presentación realizarase a través do procedemento xenérico *PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

A instancia xunto coa documentación dirixirase á Consellería de Cultura, Educación e Universidade - Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para a presentación da documentación será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Para a percepción de cada un dos pagamentos será necesario presentar a seguinte documentación:

- Unha memoria da actuación, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, que xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das actividades que se realizaron e dos resultados que se obtiveron.



- Unha memoria económica, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas e que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. Para gastos de escasa contía, por importes inferiores a 1000,00 €, a xustificación do pagamento poderá realizarse mediante xustificante de recepción do proveedor, no que figure o seu nome ou razón social completo, DNI ou CIF e data de pagamento.
- No caso de edición de material gráfico achegaranse mostras en formato electrónico ou, se estas fosen de acceso a través de Internet, a ligazón para o seu acceso.
- Declaración responsable de que se cumpren todos os requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade.
- Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II, asinada electronicamente polo órgano competente da entidade.
- Declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

O órgano xestor está obrigado a comprobar, en último termo, a veracidade da devandita declaración responsable. Así pois, a RAG deberá presentar:



- Certificación positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social correspondente, acreditativa de que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) que acredita que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación positiva expedida polo órgano competente da Consellería de Facenda (Xunta de Galicia) na que se teña constancia de que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Porén, a RAG como beneficiaria da subvención nominativa poderá autorizar expresamente a Secretaria Xeral de Política Lingüística a requirimento desta, para que en calidade de órgano xestor da subvención solicite as certificacións acreditativas de estar ao corrente de pagamento que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (marcar o cadro de verificación da autorización no anexo II).

As distintas declaracións deberán vir asinadas electronicamente.

2. A documentación complementaria presentarse electronicamente, mediante a presentación do documento orixinal se se tratase dun documento dixital, ou da imaxe electrónica do documento orixinal se se tratase dun documento en papel.

Neste último caso, a imaxe electrónica adaptarse ao previsto do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, e na Resolución do 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma técnica de interoperabilidade de dixitalización de documentos.

As imaxes electrónicas aplicarán os formatos establecidos para ficheiros de imaxe na Norma técnica de interoperabilidade do catálogo de estándares; o nivel de resolución mínimo para imaxes electrónicas será de 200 píxeles por polgada, tanto para as imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises; a imaxe electrónica será fiel ao documento orixe (respectará a xeometría do documento orixe en tamaños e proporcións, non conterà



caracteres ou gráficos que non figurasen no documento de orixe e a súa xeración realizárase por un medio fotoeléctrico).

As imaxes electrónicas que presenten as entidades interesadas ao procedemento administrativo terán eficacia exclusivamente no ámbito da actividade das administracións públicas.

As imaxes electrónicas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para estes efectos, a entidade interesada deberá conservar o documento orixinal por un prazo de 5 anos desde a presentación da imaxe electrónica.

No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante de forma electrónica supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se o solicitante desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número do expediente e o número ou código único de rexistro.

Gastos subvencionables:

Considéranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza das actividades que se financien e que se realicen no período de vixencia da subvención.



Serán admisibles os gastos orixinados desde o 1 de xaneiro do 2021 ata a data límite de vixencia da subvención.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na vixente lexislación de contratos do sector público para o contrato menor, a entidade deberá de solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, servizo ou subministración de que se trate, agás que polas súas especiais características non exista mercado suficiente de provedores ou que o gasto fose realizado con anterioridade á data de sinatura de concesión da subvención, o cal deberá de quedar acreditado na documentación xustificativa que se achegue para a percepción da axuda.

Para os meros efectos informativos da entidade beneficiaria, o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as contías que establece para o contrato menor, segundo a súa tipoloxía, son as seguintes:

- Obra: contía inferior a 40 000,00€, sen incluír o IVE.
- Subministracións ou servizos: contía inferior a 15 000,00 €, sen incluír o IVE.

A RAG facilitará toda a información que lle sexa requirida pola consellería, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

A falta de xustificación dos investimentos, dentro do prazo de vixencia do convenio, determinará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención de acordo co disposto nos artigos 54, 55 e 56 da vixente Lei de subvencións de Galicia.



NOVENA.- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá darlles cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

DECIMA.- DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actuacións informativas e divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade - Secretaría Xeral de Política Lingüística e usaranse para iso, cando proceda, os anagramas aprobados pola normativa de imaxe corporativa da Xunta.



Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

DÉCIMO- PRIMEIRA.- VIXENCIA

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo de audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación.

Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro de 2021.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dúas persoas representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nomeadas pola persoa titular da devandita secretaría xeral, e dúas persoas representantes da RAG. Esta comisión, que estará presidida por unha das persoas representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

DÉCIMO TERCEIRA.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA

O representante legal da entidade beneficiaria da subvención nominativa no prazo máximo de dez días dende a sinatura do convenio aceptará inescusablemente por escrito a subvención que se lle concede, así como as condicións impostas para a súa percepción. Transcorrido o referido prazo sen que se produza manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.



- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

De se resolver o convenio, a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora.

DÉCIMO QUINTA.- RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICAS

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Todos os trámites administrativos que a RAG deba realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



Mentres non haxa un procedemento transversal específico para convenios, as devanditas comunicacións realizaraas a través do procedemento xenérico *PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado*: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>. A devandita comunicación dirixirase á Consellería de Cultura, Educación e Universidade - Secretaría Xeral de Política Lingüística como destinataria.

DÉCIMO SÉTIMA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (*BOE* 06/12/2018), de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Cultura, Educación e Universidade coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio dos poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, cuxa esta circunstancia se reflectirá no devandito formulario.

Os datos seranlles comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos que identifiquen as persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través



dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO OITAVA.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da devandita lei.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan este convenio no lugar e data sinaladas.

O conselleiro de Cultura, Educación e Univ. O presidente da Real Academia Galega

Román Rodríguez González

Víctor Fernández Freixanes



ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

Don/dona: _____ con DNI/NIF: _____

en nome e representación da entidade _____

con CIF: _____

DECLARA:

Que os gastos que deseguido se relacionan, teñen relación directa coa subvención que lle concedeu a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para

Acredor	N.º fra.	Data fra.	Importe	Data pagamento
			Suma investimentos	

(Sinatura electrónica)



ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____

NIF: _____ Teléfono: _____

Enderezo electrónico: _____

Entidade á que representa:

CIF: _____ Cargo: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1 Que para as actuacións derivadas do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Real Academia Galega polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISP. REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISP. REGULADORA



Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2 Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3 Que a entidade á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.

4 Que a entidade á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

AUTORIZO a Secretaría Xeral de Política Lingüística para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co obxecto de tramitar os pagamentos derivados do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Real Academia Galega polo que se instrumentan as subvencións nominativas para accións culturais e de investigación lingüística e para investimentos *(riscar no cadro de verificación para autorizar a consulta)*.

(Sinatura electrónica)